

(poeta barbuda)

NAS

CIDADES

(de myerda)

afra torrado



ola, wapis. nova entrega dun pseudopoemario de myerda esta vez falando do que me gustan as cidades en xeral e algunha en particular. dinme que odio moito pero que se lle vai facer. son coma as señoras ás que non lles importa ser punzantes e cantos máis anos teñen, máis bordes son. basis e non pretendo ofender a ningún urbanita.

pontevedra, xuño de 2017



hai señores que miran a miña barba
con envexa.

os bollicaos qe se queiman
nas costas de vigo

agardar hora e media ata que saia o tren

o home que atende a barra lémbreme a un señor que
coñecía de antes

alto

e atractivo

(guapo ao mellor)

marcharon os guiris que estaban aquí

estou

soa

co café este

que parece auga chirla

o cruasán de cartón

e a auga cor zume

harvey ameaza con chuvia

que pena.

sintome
culpable
tando os pés
frios en
verán.


pásanme moitas cousas boas
e só reparo nas malas

como que me está collendo o frío
co carallo do aire acondicionado
pero que así polo menos non teño calor

fun ao mercado
e caían chuzos de punta

refuxieime nun posto

e debaixo dun feixe de tangas
pensei
en que grazas a ti
sei que teño cóxegas na cara.



yo no elegí nacer, me entiendes???

ME ENTIENDES?



as cidades son unha merda
fanme sentir nunha peli
na que a prota cociña en campin gas
e ten humidades
(no piso)
logo coñece a outra pava
e xa non lle importan as paredes.
que me contraten de guinista.

namorei dalguén que miraba a xente pola rúa
e que me ensinou
a apreciar o verde.

pois normal, que mal rollito vivir en vigo.

agora estou en pontevedra
pola fiestra case non entra luz
e cheira mal
e teño que ir andando ao mercadona
e non está madre para facerme paella.

